

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Universo EGAP Innova: I Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

CONVOCATORIA: Universo EGAP Innova: I Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES OU XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/09/2019 - 08:00h ao 25/09/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes, que terán lugar os primeiros martes de cada mes, teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

Os E-martes do vindeiro trimestre de 2019 versarán sobre as seguintes materias:

- 1 de outubro: «O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia».
- 5 de novembro: «Certificados electrónicos da Xunta de Galicia».
- 3 de decembro: «Sistemas para a contratación pública».

DESTINATARIOS

A actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais, así como a profesionais e persoas interesadas en xeral. No caso das empregadas e empregados públicos priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

PROGRAMA

A I Xornada de formación práctica dixital (E-martes), que terá lugar o vindeiro 1 de outubro, abordará os seguintes contidos dende unha perspectiva práctica:

- O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.
- Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia (Surex): Sistema de recepción electrónica (Roxel) e Sistema de interconexión de rexistros (SIR).
- Sede electrónica da Xunta de Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes. A metade das prazas reservaranse para o colectivo de persoal empregado público da Administración autonómica.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 01/10/2019 a 01/10/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña)
AULA 3 (Informática): O día 01 de outubro de 13:00 a 14:00. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00.
AULA 4 (Informática): O día 01 de outubro de 13:00 a 14:00. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00.
AULA 11: O día 01 de outubro de 11:00 a 13:00.